

LIBROS

CODESEIRA, por Crecente Vega, José.
Poemas. Sant-Iago MCMXXXIII.

ISTE libro, completamente ao marxe da estética actual, reúne composicións de ambiente campesiño, escritas nos metros tradicionais, agás do emprego esceicional do verso encasilabo acentuado á francesa. O autor versifica con soltura. Un profundo amor ás cousas enxebres da nosa terra e un senso franciscán da natureza, parello ao de Iglesia Alvariño —de cuia lectura hai calcos nas follas de *Codeseira*— pairan encol dos poemas do señor Crecente. O señor Crecente é crego. Un dos nosos cregos rurás que comprenden a Galicia, a aman e a eisaltan ao seu xeito. Como outros colegas seus—Gómez Ledo—e tamén como outros fracasados colegas seus —Cabada, Iglesia— sintíu a chamada da terra pol-o vieiro do verso. O Sr. Crecente é un de tantos campesiños galegos que atinguiron o cómaro da cultura rubindo pol-a corredoira do latín eclesiástico, e que, voltando á súa xente, souperon conservar i-arrequentar as esenciaes raciaes, a cuia eisaltación consagran as súas afeicións de escritores. Craro está que a maoría de istes cregos poetas, por efecto da súa educación, non están en condicións de producir un xenero de poesía que poda compracer aos mozos. N-iste senso *Codeseira* non interesará aos lectores de Cunqueiro. Máis en certo seitor atopará unha garimosa acollida, xa que, prescindindo da súa tónica líricamente reaccionaria i esquecendo algún prosaísmo fácil de correxir. *Codeseira*, é un libro sinxelo, digno e honrado.

R. C. C.